



Páx 2

PONTEVEDRA:

O DOG recolle a vontade da Xunta e do PP de que ENCE se consolide en Lourizán

Páx 3

PARLAMENTO EUROPEO:

O BNG demanda a inclusión de Pontevedra e o Porto de Marín na Rede Europea de Transporte

Páx 4

PONTEVEDRA:

Os colectivos do ámbito da discapacidade e a dependencia únense a Redeaxuda

O parque forestal do Pontillón prepárase para o inverno

Páx 5

PONTEVEDRA:

Pontevedra acolle o acto de entrega dos premios Vía Galego e Abertos ao Galego

300 estudantes de Pontevedra nos obradoiros para acceder ao portugués a través do galego

Páx 6-7

PONTEVEDRA:

Discurso de Miguel Anxo Fernández Lores no Congreso Valetín Paz Andrade

Páx 8

SOUTOMAIOR:

O PP négalle a paga extra aos traballadores e traballadoras do Concello

Pistas de tenis e padel



Cumprimos

Este verán, no mes de xullo, sen avisar, a traición, o goberno do Partido Popular ditou un decreto para impor as medidas esixidas pola Troika comunitaria, isto é, para continuar afondando no espolio aos traballadores e traballadoras e para aumentar as contas de resultados da grande banca.

Xa daquela o BNG manifestou o seu completo rexeitamento á unha lexislación que so vai acarrear sufrimento, empobrecemento, desigualdade e paro. En realidade é o mesmo que viñamos facendo desde maio de 2010, cando o PSOE comezou a aplicar ás mal chamadas políticas de austeridade.

Máis unha vez, o BNG situábase na vangarda para a defensa de Galiza e das súas maiorías sociais.

Tamén daquela adoptouse a decisión de aboar a paga extra ás e aos traballadores municipais e así se anunciou nos concellos da nosa comarca nos que o Bloque ten responsabilidades de goberno e así o anunciou o portavoz nacional, Guillermo Vázquez.

Xa no mes de agosto, o BNG do Concello de Pontevedra anunciou que se pagaría a extra a todos os traballadores e traballadoras. Faciamos patente a nosa rebeldía diante das imposicións empobrecedoras da UE e a nosa insubmisión diante de Madrid, do PP e de calquera que pretenda agredir ao noso país.

Neste caso, o Concello de Pontevedra mantén a paga extra de Nadal porque é un dereito dos dereitos dos traballado-

res e traballadoras, mais tamén porque, nunha situación económica como a que padecemos, faise necesario adoptarmos medidas anticíclicas que dinamicen o consumo. Iso sen esquecer que Pontevedra ten unha estrutura económico-productiva cun grande peso do sector servizos, que se vai ver dinamizado cunha inxección por riba dos 700.000 €.

Logo do anuncio do mes de agosto, foron meses de traballo duro para atopar unha solución ao zarillo no que nos quixo meter Mariano Rajoi cumprindo as ordes que lle dera a emperatriz Merkel.

Atopámola e a extra pagouse mesmo 3 semanas antes do habitual, os días 28 e 29 de novembro, en forma dun complemento de produtividade que se pactou con todos os sindicatos.

A día de hoxe o Concello de Pontevedra é a única administración de todo o Estado que aboou a extra e mantén o poder adquisitivo das súas funcionarias e funcionarios. Na comarca de Pontevedra, tamén os compañeiros e compañeiras do concello de Poio anuncian que van actuar do mesmo xeito. E en Caldas, o Bloque esixiu o pagamento da extra con este método para aprobar os orzamentos do ano 2013.

Podemos dicir con orgullo que cumprimos e que demostramos que é posíbel gobernar a prol das maiorías sociais.

Mais o traballo non rematou: temos que seguir a dar a batalla na rúa, nos centros de traballo, na cola do paro, nos centros de ensino ou nas institucións para quitarmos adiante este país entre todos e todas.



O DOG recolle a vontade da Xunta e do PP de que Ence se consolide en Lourizán

O Diario Oficial de Galicia dá publicidade hoxe ao Plan sectorial de Ence en Lourizán, trámite que segundo a empresa e a Xunta, é o que lle dá legalidade ao citado plan, tal e como lle esixe o Supremo. O Concello de Pontevedra asegura que a publicación non vale de nada xa que o plan queda anulado na sentenza do alto tribunal, e denuncia que todos os actos da Xunta do PP en relación a Ence defenden a súa consolidación en Lourizán.

“Esta publicación é unha decisión política da Xunta de Galicia de manter o proxecto sectorial de Ence e consolidar o complexo de Ence en Lourizán de por vida”. Así de contundente amosouse o concelleiro de Infraestruturas de Pontevedra, César Mosquera ao facer unha primeira valoración da publicación no Diario Oficial de Galicia por orde da Consellería de Industria do contido normativo do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o asentamento industrial de Lourizán, promovido polo Grupo empresarial Ence, S.A. Unha publicación realizada case dez anos despois da súa creación (feita durante a presidencia de Manuel Fraga en decembro de 2003).

O concelleiro de Infraestruturas de Pontevedra asegurou que esta publicación, único trámite necesario segundo a Xunta e a empresa Ence para que o Plan sectorial de Ence deixase de ser ineficaz tal e como o califica o Tribunal Supremo na sentenza ditada sobre a legalidade do Plan, deixa claro que “a Xunta e o PP está porque se consolide Ence e quede en Lourizán como espazo industrial, tal e como recolle o DOG e todos os documentos oficiais da Xunta en relación ao complexo”, fronte “a todas as declaracións públicas habidas e por haber sobre este tema por parte do PP”.

César Mosquera sostivo que esta publicación de hoxe “non serve case de nada” porque “o que se publica está anulado pola propia sentenza. E o lóxico sería abrir un expediente de aplicación da sentenza e aplicalo no sentido de eliminar o Plan sectorial, tal e como acorda o Supremo”.

O concelleiro explicou que os servizos xurídicos municipais estudan a posibilidade de solicitar a execución da sentenza “xa que a vontade da Xunta do PP é que Ence e Elnosa sigan aí”.



O BNG demanda a inclusión de Pontevedra e do porto de Marín na Rede Europea de Transporte

En rolda de prensa conxunta do Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, da Portavoz Municipal do BNG en Marín, Pilar Branco, e da eurodeputada Ana Miranda, o BNG trasladou a necesidade de que a comarca de Pontevedra estea incluída na política de fondos destinados aos transportes europeos que está a debate na actualidade.

A Rede Europea de Transportes é a proposta de deseño das grandes infraestruturas terrestres, marítimas e aéreas para o período 2014-2020.

A eurodeputada do BNG explicou que foron presentadas no Parlamento Europeo dúas enmendas relativas á inclusión do Porto de Marín na Rede Global de infraestruturas europeas, para recibir fondos antes de 2050. “Se o BNG non fai a proposta, o Porto de Marín ficaría excluído da Rede Global”, afirmou.

O BNG defende con feitos, e traballando en equipo en todas as instancias nas que está representado, a importancia do Porto de Marín para a economía comarcal.

A segunda emenda presentada refírese a inclusión da Plataforma Loxística Intermodal de Pontevedra, para reforzar a intermodalidade de transporte e incluír a cidade de Pontevedra tanto na interligación co Porto de Marín como no desenvolvemento de transporte de carga na rede global.

Estas iniciativas foron presentadas polo BNG na Comisión de Transporte do Parlamento Europeo e van ser votadas na semana vindeira.

O BNG fai unha chamada ao resto das organizacións políticas para que voten a favor dunha proposta que beneficia á comarca de Pontevedra.

Os colectivos do ámbito da discapacidade e a dependencia únense a Redeaxuda

Redeaxuda naceu pensando nas persoas máis desfavorecidas, pero para a concellaría de Benestar entende que é o momento de dar o salto a outro tipo de entidades que traballan o eido social, dado que a actual crise está alcanzando a un gran número de familias de todos os sectores sociais. Ao incluír a este tipo de colectivos, a rede faise máis “rica” e permite aproveitar máis sinerxias para coñecer máis situacións de emerxencia, favorecer o intercambio entre os colectivos ou, incluso, impulsar o voluntariado entre as asociacións.

Anfapo, Amigos de Galicia, Federación de xordos, Asociación de Xordos Río Lérez, Xuntos, Juan XXIII, Asociación contra o cancro, Amencer e Amizade-Cogami apostaron por participar da Redeaxuda, e mellorar a actuación preventiva

en casos de familias que comecen a estar en situacións difíciles.

Acordaron ampliar a rede e impulsar a área de voluntariado; deseñar proxectos interasociativos que beneficien ás persoas necesitadas destes servizos, en particular, pero a toda a cidadanía, en xeral.

A Concellaría de Benestar Social considera que é o momento de que todos os colectivos, entidades ou asociacións que traballan directamente no ámbito social traballen en conxunto para mellorar a calidade de vida dos veciños de Pontevedra que están a pasar por dificultades, o que redundará na calidade humana da cidade. Nesta liña de contactos, Carmen Fouces manterá proximamente encontros coas asociacións de veciños.

O parque forestal do Pontillón prepárase para o inverno



Cabalos diante dun dos pasos canadianos instalados no Pontillón

“ Os pasos canadianos, ao impedir a saída dos animais á estrada, melloran a seguranza viaria

O Alcalde, dentro das visitas que está a realizar polo rural pontevedrés para coñecer de primeira man as actuacións levadas a cabo nos últimos meses, visitou o parque forestal do Pontillón do Castro, acompañado polo concelleiro de Monte, Demetrio Gómez e o concelleiro delegado de Verducido, Miguel Filgueira.

Na súa visita aproveitaron para ver o funcionamento dos pasos canadianos instalados nas entradas do parque forestal para mellorar a seguranza viaria, dado que os cabalos soían saír do parque e adentarse na estrada que bordea o encoro, chegando a producir situacións de perigo, especialmente en días de néboa.

Observaron, ademais, os traballos de mantemento que se realizaron no parque para que pase o inverno nas mellores condicións. Rozas en todo o vaso do encoro ou reforestacións con especies autóctonas foron algúns dos pequenos traballos que se executaron nestas semanas, e se volverán repetir coa chegada da primavera para que o parque forestal do Pontillón estea nas mellores condicións para recibir ás dúcias de visitantes que cada primavera e verán pasan por Pontillón.

Pontevedra acolle o acto de entrega dos premios Vía Galego e Abertos ao Galego

O Pazo de Mugartegui, na Praza da Pedreira, acolle o vindeiro mércores, día 19 ás 20:30 h. a entrega dos premios Vía Galego e Abertos ao Galego, organizados pola Mesa pola Normalización Lingüística, que se conceden por vez primeira, nun acto que contará participación do Presidente da Mesa, Carlos Callón, e do Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores.

A Fundación Vía Galego, promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística, entrega por vez primeira o seu galardón anual, que vai dirixido a unha persoa ou entidade que promova as relacións de Galiza cos outros territorios do seu sistema lingüístico. Este ano o Padroado da Fundación decidiu distinguir a asociación que agrupa e coordina as e os docentes de portugués en Galiza, tanto en secundaria como na universidade.

O Premio Abertos ao Galego, promovido pola Mesa pola Normalización Lingüística, ten o obxectivo de contribuír a prestixiar o traballo das empresas que traballan en galego e animar o conxunto da sociedade a que practique un consumo responsábel coa lingua e cultura do país. O galardonado é a rede social da xente nova, Tuenti, que hai xa algúns anos que incorporou o galego como unha opción normal, que escollen sen complexos cada día miles de mozas e mozos. Esta unión de mocidade e novas tecnoloxías fixeron que a primeira edición do premio Abertos ao Galego, outorgado pola Mesa pola Normalización Lingüística, vaia recaer na candidatura presentada por esta empresa nova e con fortísima proxección social.



O Pazo de Mugartegui acollerá o acto de entrega dos premios concedidos pola Mesa pola Normalización Lingüística

300 estudantes de Pontevedra nos obradoiros para acceder ao portugués a través do galego

A Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Galega da Lingua (AGAL), ofrece aos centros educativos a posibilidade de realizar os obradoiros OPS! O galego a nosa vantaxe.

Os obxectivos fundamentais desta actividade son poñer en valor a lingua galega, facendo ver a súa potencialidade e contrarrestando os prexuízos que a infravaloran, e mostrar a vantaxe de falar galego para poder comunicarse co mundo da lusofonía: de Portugal ao Brasil.

De aquí ao Nadal máis de 300 estudantes de ESO e bacharelato participarán nestes obradoiros; aprenderán, ao longo de dúas horas lectivas, que o galego é unha entrada privilexiada para acceder ao portugués e que, polo tanto, sabendo falar galego teñen unha clara vantaxe competitiva.

Discurso de Miguel Anxo Fernández Lores na inauguración do congreso sobre Paz Andrade



Valentín Paz Andrade

Queridos amigos, queridas amigas,

Quero darlle a máis honrosa benchegada a esta cidade donde viñeron convocados pola esgrevia figura dun pontevedrés de alta significación para nós, especialmente nos tempos que andamos.

Don Valentín Paz Andrade, fillo e neto de concelleiros de Pontevedra, é moito máis ca un símbolo de intelixencia e porvir para toda a nación galega, tan necesitada de persoas emprendedoras coma él, centradas no país e na posta en valor do seu potencial económico.

Polifacético, culto e politicamente activo, foi quen de dar respostas ás súas ideas de progreso en mundos tan dispares como o xornalismo, a advocacía, a política, a empresa, o ensaio económico e a literatura, vocacións de activismo que nacen cando xa aos 22 anos preside o Lérez Clube de Fútbol ou participa como secretario do Pontevedra Atlético Club na fundación do campo de Pasarón, en terreos alugados á familia Paz.

Unha cidade que vivía nos anos dez e vinte unha colección de ilustradas experiencias que deron en converterse en significativos pasos para a cultura, a ciencia e a economía, como fóron a Misión Biolóxica, a Polifónica, o Museo de Pontevedra ou a Caixa de Aforros, iniciativas urbanas que chegaron a nós convertidos en importantes referentes.

Veñen vostedes hoxe falar da gran proxección de don Valentín sobre a cultura e a economía galegas, porque aquí os convocou tan amábelmente a Real Academia debido ao vencello de Paz Andrade con Pontevedra.

Pero chegan tamén ao grande porto pesqueiro da Galiza do século XVI, cando os mareantes encargaban ao mestre Cornelius de Holanda a construción da gran Basílica de Santa María, o templo máis significativo do renacemento galego.

Un porto natural deitado no último treito do Lérez, onde confluían as exportacións do viño que os arrieiros portaban desde O Ribeiro, coa industria da salgadura, precedente do actual procesamento do peixe para convertilo en alimento de doado consumo.

Esta, a historia do peixe como alimento básico dos galegos, tamén une a Paz Andrade con Pontevedra, se ben a súa obra como empresario foi desenvolvida algúns quilómetros ao sur, en Vigo, nos anos 60 do século pasado.

Outro punto de confluencia de Paz con Pontevedra constitúe un dos sinais de identidade que definen a nosa cultura urbana de antes da guerra.

Se vostedes dan un paseo polas cuidadas prazas desta capital, atoparán na de San Xosé, diante dun café chamado Moderno, primorosamente restaurado por Siza Vieira, unha escultura na que dialogan varios dos persoeiros máis significativos da Galiza do século XX.

Charlan, en animada e inmortal tertulia, Alexandre Bóveda, Afonso Rodríguez Castelao, Manuel Quiroga e Valentín Paz Andrade. Todos eles símbolos da ilustración e o bulir intelectual que fixo soñar ao noso pobo antes da brutal aniquilación á que foi sometido a partires do ano 36.

A Pontevedra das tertulias, o foro intelectual dos primeiros anos do século, vai quedar para sempre na memoria e no espírito dun home que soubo dar a Galiza parte do que este país necesita: paixón, valentía, eficacia, lucidez, xenio, contemporaneidade e activismo.

Hoxe, á par que homenaxeamos a gran luz que deu don Valentín a Galiza, vivimos tempos dominados por pasivos burócratas que se comportan co país como guardiáns das as chaves dos seus amos.

Xente que renuncia a rexenerar o país, que dá a espalda ao agro, ao mar, ao monte, á riqueza mineira, que acabou cos organismos financeiros que Galiza tiña de seu, que cada día funde máis á economía coas súas receitas liberais, entregando os sistemas públicos á especulación e a pillaxe...

Neste momento negro e miserento da economía galega, resulta esperanzador lembrar unha figura irredenta que fixo todo o contrario: confiar no país e aportar a enerxía necesaria para a súa rexeneración.

Amigos da Real Academia Galega, moitas, infinitas grazas por traer a Pontevedra este fermosa lembranza de don Valentín Paz Andrade, Premio Cidade de Pontevedra en 1997, exemplo de intelectual, de activista, de empresario, que xaz no noso sochán e homenaxearemos con orgullo sempre que teñamos ocasión.

Ogallá don Valentín, todo un pai para os galegos de hoxe, toda unha esperanza de vida e porvir para este país, fose a semente que precisamos para alumear tanto camiño cego como levamos andando sen él.



Valentín Paz Andrade, no conxunto escultórico da praza de San Xosé

O PP négalle a paga extra aos traballadores e traballadoras do Concello

O BNG de Soutomaior pediu no último Pleno, o pagamento da paga extra de Nadal aos empregados do Concello. Fernando Herrero, portavoz municipal do BNG, lembrou no Pleno que “as políticas de recortes do PP están a xerar máis desemprego, unha caída no consumo e na actividade económica; incidindo con máis forza nas pequenas empresas e nas familias.

Fernando Herrero pediulle ao alcalde Agustín Reguera valentía para opoñerse a estas medidas erráticas, como se está a facer nos concellos gobernados polo BNG. Lembroulle ao alcalde que “en Estremadura, comunidade gobernada polo Partido Popular, os empregados públicos van cobrar a paga extra de Nadal. Esta é un importantísimo estímulo económico para Soutomaior, e o “seguidismo” que se está a facer das políticas do recentralizadoras do PP en Madrid é un grave erro, que afectará moi negativamente ao tecido económico e ao consumo no noso concello ao reducir o poder de compra destes traballadores.”



Pistas de tenis e padel

O BNG de Soutomaior preguntoulle tamén ao alcalde polas obras da pista de tenis e pádel que, segundo publicou o DOG, deberían estar rematadas nestes días. O PP limitouse a responder que non se ían facer de momento, e que descoñecía cando se levarían a cabo, xa que había problemas coa adxudicataria.

Fernando Herrero cualificou de “despropósito que o goberno local pida un investimento de case 140.000 euros para Soutomaior, e logo se desentenda del”. Pediulle ao alcalde que se interesase polos trámites, e máis de coñecer e informar as empresas locais, no caso de que houberse posibilidades de que se puidesen facer cargo delas.